

O artigo en galego. Morfoloxía

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO

Universidade de Santiago

En galego, coma en case tódalas linguas románicas, o artigo remóntase ó demostrativo latino *ĭlle*, *ĭlla*, *ĭllũ* d, e máis concretamente ó seu acusativo; e ó igual ca nestas linguas, o artigo galego presenta formas suxeitas a variacións de xénero e número: masculina e feminina, cos plurais correspondentes (*o avó*, *a avoa*, *os avós*, *as avoas*); a forma do neutro confluíu coa do masculino na maior parte do noso territorio, polo que, con excepción feita da modalidade de galego asturiano, non podemos falar hoxe dun artigo neutro. A novidade do galego reside en que presenta tres alomorfos en distribución complementaria e en que estes están fonoloxicamente condicionados polo fonema final da palabra precedente¹:

	MASCULINO	FEMININO
SINGULAR	o/lo/no	a/la/na
PLURAL	os/los/nos	as/las/nas ²

Este sistema é o do galego estándar e o que se rexistra na case totalidade do territorio galego, con pequenas variantes de tipo fonético, que trataremos máis por extenso posteriormente.

¹ Cfr. o que sucede noutras linguas, por exemplo en español ou en italiano, nas que o condicionante fonolóxico é inicial da palabra seguinte.

² A segmentación de /no/ (e non /o/) como alomorfo do artigo en casos como /kõmianas patákas/ non é exactamente equiparable á de /lõ/ en /kõmẽlas patákas/. A aparente igualdade no tratamento débese a razóns de claridade na exposición; no lugar correspondente trataremos máis por extenso estas formas.

Debemos distinguir ademais dous subsistemas:

a) O subsistema do galego asturiano, que presenta como novidade a existencia dunha forma específica para o neutro (*lo ~ lu mismo me dá*); tamén, unha forma masculina singular /l/ (e non /ɔ/), que en posición interconsonántica ou inicial anteconsonántica recibe un apoio vocálico, /e/.

b) En parte do galego ourensán o sistema do artigo non presenta o alomorfo /lɔ la lɔs las/, porque a lingua moderna desta zona substituíuno, nos contextos en que aparecía condicionado, por /ɔ a ɔs as/.

A existencia destes tres alomorfos no galego moderno vén condicionada historicamente pola evolución da consoante do primitivo artigo *lo, la, los, las* en contacto co sonido vocálico ou consonántico final da palabra precedente.

Na presente exposición pretendemos expoñe-los condicionantes fonolóxicos da presenza dun ou outro alomorfo, así como describi-la distribución xeográfica das variantes que, nos distintos contextos, presenta o galego actual. Para isto baseámonos nos datos tirados do galego falado, fundamentalmente nos que recollemos para o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*³.

1. O A OS AS

Esta é a variante coñecida como primeira forma do artigo⁴. Aparece na frase cando o artigo vai precedido dunha palabra rematada en vocal ou cando, pola razón que sexa (interrupción da secuencia fónica, dialectalismo, castelanismo...), non se usa un dos alomorfos que veremos a continuación.

1.1. Debido á atonicidade de *o, os* non é raro escoitar *u, us*, ó pechá-

³ Para máis información sobre os traballos do *ALGa* no seo do ILG, véxase C. García e outros, "O Atlas Lingüístico Galego", en *Verba*, 4, 1977, 5-17.

⁴ A denominación de /o a os as/ como "primeira forma do artigo" e de /lo la los las/ como "segunda forma", xeral hoxe na lingüística galega, parte da edición do método de aprendizaxe *Gallego I*, do Instituto da Lingua Galega, no ano 1971. O termo "primeira" non se refire á cronoloxía, senón a que estas son as formas que espontaneamente os galegos sinalan como as do seu artigo; a existencia dos outros alomorfos, a pesar da súa vitalidade, só se fai aparente tras unha reflexión sobre os feitos lingüísticos.

rense na frase un grado máis; moitas veces trátase dunha pronunciación esporádica, que non constitúe en si un rasgo a salientar, pero nalgúns lugares (zona de Boimorto, Sobrado...) estas son as únicas formas que se perciben, e os mesmos falantes consultados teñen conciencia de seren estas e non outras as súas. Tamén pola súa atonicidade *a, as* poden realizarse como [ã], [ãʃ] ou mesmo como *e, es* [ɛ, ɛʃ] en zonas onde a palatalización de *a* átono é frecuente (O Barqueiro, Lamalonga, área fisterrana...).

Hai tres fenómenos de fonética sintáctica que afectan de maneira especial ó artigo. Por unha parte a posibilidade de que a conxunción *e* [ɛ] en posición antevocálica (máis frecuentemente cando intervocálica) se pronuncie como semivocal ou semiconsoante, pois se isto ocorre a vocal que a segue, neste caso a do artigo, resulta aberta: *o can e o gato* [ɔ kan jɔ ɡatɔ], *os nenos e as nenas* [oʃ nɛnoʃ jaʒ nɛnaʃ]. Por outra parte o rotacismo de *s* implosivo diante de consoante sonora e de [f] e [θ] afecta tamén á consoante final do artigo: *os pais e as mais* [oʃ páiʃ iar máiʃ]. Por último, a posibilidade de que a vocal do artigo se vexa alterada en fonética sintáctica en contacto coa vocal anterior ou posterior: *así que estaba o traballo feito* [así keʃtaboʔtrabáʎo feiʔto] *a espera* [ɛʃpéra] [ãʃpéra].

1.2. A pesar destas pequenas variacións fonéticas que comentamos, podemos dicir que *o, a, os, as* é a solución xeral ó galego común. Na zona asturiana, en Negueira de Muñiz e Candín —puntos limítrofes con ela— e en Pombriego —fala de tránsito entre galego e leonés—, rexístranse importantes modificacións:

	SINGULAR	PLURAL
MASCULINO	(e)l	os
FEMININO	a/eɫ	as
NEUTRO	lo ~ lu	

A forma do masculino singular /l/ en posición antevocálica combínase coa vocal seguinte (*un i l'outro, l'antroi*); en posición postvocálica e antecónsonántica faino coa vocal anterior (*xuntal lume, ta zarrado'l monte*);

en posición interconsonántica ou inicial anteconsonántica, /l/ toma unha vocal de apoio /e/, dando lugar á variante /el/ (*fozan el prado todo, El tiu Andrés*), que tamén se pode dar esporadicamente nos contextos anteriores en que aparecía /l/ (*beu el amo*)⁵. Cos datos de que dispoñemos percíbese con bastante claridade que /el/ se está impondo como forma masculina singular do artigo, non só en detrimento de /l/ senón tamén de /lo/, da forma neutra e das formas contractas de que falaremos. En Negueira de Muñiz e en Candín, na marxe desta área, tamén se rexistra ocasionalmente /o/.

O artigo feminino singular *a* ten nesta zona unha variante *el* usada cando o sustantivo que segue empeza por vocal tónica (*el última raia, el uña, el auga, el ingla*); en Porzún rexistrámola tamén diante doutros sustantivos femininos en que esta condición non se dá (*el semente, el misma*); pola contra en Vilanova de Oscos só se rexistra diante de *é* (*el érba, el émbra* frente a *a incre*)⁶.

O galego común non ten unha forma diferenciada para o neutro e nos casos en que esta sería esperada úsase a forma masculina. O galego desta zona presenta unha forma diferenciada *lo* (ocasionalmente *lu*): frente ó galégo común *decídelle o que queirades*, nestas falas atopamos *lo que* en Salave, Coaña, Porzún, Boal, Pesoz, Ibias e Pombriego, *el que* en Vilanova de Oscos, Candín e Negueira de Muñiz (neste punto convivindo con *o que*). Con respecto a isto, cómpre indicar que en calquera caso a forma utilizada coincide coa do pronome acusativo de terceira persoa propia de cada un dos puntos, feito que pode botar algunha luz sobre a debatida cuestión

⁵ Trátase dun sistema de transición entre o galego e o astur-leonés, que se estende máis ó leste da zona estudada por nós, a propiamente galega: *el, a, os* ~ *us, as* en Santa Cruz de Abranes (Sanabria) e en San Ciprián (Sanabria) (Krüger, "Mezcla", páx. 143); *il, a, us, as* en Sisterna (Fernández, *H. Sisterna*, páx. 55); *al, a, os* ~ *us, as* en Rionor (Vasconcelos, *Opúsculos*, IV, páx. 753); *el, a, os, as* en Sendim e l ('l), *a, os, as* en Miranda (Vasconcelos, *Est. Phil. Mir.*, páx. 357).

⁶ Nótese que como forma feminina unicamente rexistramos *el*, e non *l*, a pesar de que a súa orixe aparece nunha primitiva forma *la*, que perdería o remate vocálico ante vocal inicial, sobre todo se esta era tónica. Nos mesmos contextos *l'* é a forma de Astorga (Alonso Garrote, *El dialecto vulgar*, páx. 199), no cuarto dos vales (Menéndez García, *El cuarto de los valles*, I, páx. 199), Alto Aller (Rodríguez Castellano, *La variedad dialectal del A.A.*, páx. 138), Cabranes (Canellada, *El bable de Cabranes*, páx. 22), Miranda (Vasconcelos, *Est. Phil. Mir.*, páx. 358), Babia e Laciana (Alvarez, *El habla de Babia y Laciana*, páx. 247)... A aparición da vocal inicial debeu darse ó mesmo tempo cá do masculino; na nosa zona o resultado foi *el*, pero en Sisterna *il* (Fernández, *Sisterna*, páx. 55) e en Riodonor *al* (Vasconcelos, *Opúsculos*, IV, 741-790).

de se se trata dun artigo con función sustantivadora ou dun sustituto nominal.

1.3. Fóra deste territorio podemos atopar unha variante (*el*) para o artigo masculino singular en tres casos. En primeiro lugar, en expresións adverbiais nas que o artigo quedou fosilizado, debido á súa atonicidade e a que o sintagma soaba como unha soa palabra: *al fin* (Cedofeita), *al cabo* (San Martín de Suarna), *al fin al cabo* (Cospeito), *al agua* (Cambados), *cadaldía* (Ouro), *al pelo* (moi común)⁷.

En segundo lugar, a presenza da forma *el* pode deberse á influencia castelá. En liñas xerais, podemos dicir que o castelanismo afecta de forma case exclusiva ó léxico e que as novas palabras se incorporan ó fondo léxico galego con tódalas consecuencias morfolóxicas e sintácticas que logo implique o seu uso; pero hai algunhas palabras, fundamentalmente ligadas ó campo da Igrexa, que se incorporan e usan co artigo castelán correspondente: *vén del Infierno* (“de moi lonxe”) (Cambados), *como non quiso el cielo* (Cortés, *Lubián*, pág. 56), *e foi al cielo* (Cortés, *Lubián*, pág. 56).

Existe ademais unha forma *el*, usada só en certos contextos reverenciais: *el-Rei*, *el Señor*. Tense debatido se se trata dun castelanismo condicionado precisamente polo tipo de palabras a que acompaña e polo feito de seren expresións formulistas, pero a antigüidade da persistencia de *el* nestes casos (antigamente tamén se daba con (*o*)*bispo* e con *conde*) fai case descartable esta explicación; máis probable é que se trata dunha forma autóctona (tamén se dá en portugués nos mesmos contextos) explicable pola relativa tonicidade do artigo nunha expresión enfática coma estas. Na actualidade o seu uso é case exclusivamente literario; unicamente documentamos *¡a del rei!* en Calvos de Randín⁸.

2. LO LA LOS LAS

Esta era, como dicimos, a primitiva forma galega do artigo; hoxe vén sendo coñecida como “segunda forma do artigo” e a súa presenza está

⁷ Tamén en portugués hai exemplos desta forma do artigo fosilizada en expresións similares: *alcor*, *alfim*, *almenos*, *alpelo*, *alparado*, *alvez* (Nunes, *Compêndio*, pág. 253); nós engadimos, sempre en portugués, *aldemenos*.

⁸ Sobre esta forma en portugués hai ampla documentación, e exemplos na toponimia tanto portuguesa coma brasileira. No Alto-Minho Leite de Vasconcelos rexistrou a mesma expresión ca nós na vila raiana citada (Vasconcelos, *Opúsculos*, II, páxs. 12 e 333).

condicionada por un /r/ ou /s/ final da palabra precedente⁹, sempre que esta se atope dentro do mesmo grupo de entoación có artigo, é dicir, sempre que non haxa unha pausa entre esa palabra e o artigo; se isto ocorre, o artigo presenta a variante /o/, /a/, /os/, /as/: *atopámo-lo libro onde o deixaches pero Nos poucos exemplos que atopamos, o pronome ocupa o lugar correcto; para entendérno-los dous pero e nós soamente creremos que estarán preparados para entendernos o día que (...)*

A presenza deste alomorfo conleva a perda da consoante que o condiciona, aínda que esta con grande frecuencia sexa constituínte fónico dun morfema de número ou de número e persoa.

2.1. Na actualidade /lo/ aparece de maneira constante tralo infinitivo e as formas verbais conxugadas rematadas en /r/ ou /s/ (*limpa-lo cinzeiro, ti rompíche-la saia, andabámo-lo camiño, vós trouxéste-lo viño*), tralos pronomes persoais tónicos *nós* e *vós* (só en casos en que o artigo sexa constituínte dun adxacente do pronome: *nó-los dous, vó-los catro*), tralos pronomes persoais átonos *nos, vos* e *lles* (*déronno-las cartas, roubáronvo-lo coche, dálle-los xoguetes a elas*), tralos pronomes *todos, todas, ambos, ambas, entrambos, entrambas* (*tódolos homes e tódalas mulleres, ámbolos casos, ámbalas pernas, entrámbolos dous, entrámbalas dúas*), tralas preposicións *tras, des* e *por* (*tralos montes, dela casa, polo mar adiante*) e trala conxunción *e mais* (*ti e mailo Seso*)¹⁰; naturalmente, sempre que se cumpran as condicións indicadas máis arriba de estaren /r/ ou /s/ finais e o artigo dentro do mesmo grupo de entoación; nos casos indicados a pausa entre os dous elementos só se dá en casos illados. Tamén é constante tralo adverbio *u*, hoxe de uso moi escaso se non é ligado ó artigo ou ó pronome (*¿U-las cebolas?, ¿U-las?*).

Esta variante do artigo aparece fosilizada na forma adverbial *alomenos*, moi viva no galego moderno.

A ausencia de pausa é menos sistemática tras doutras formas, pero de darse, a segunda forma do artigo pode aparecer tamén tras adverbios como *despois, antes, entonces, mentres...*, tralas conxuncións *pois* e *mais* ou tras calquera palabra rematada en /r/ ou /s/, mesmo se se trata do morfema de plural: *ante-los montes, aproveitábanse* (Grab. Arbo), *pero despoi-los fillos non se acordan dos pais* (Grab. Arbo), e *despoi-los cestos todos arrasados*

⁹ Excepto no caso de *¿u?*, *¿u-lo angazo?*, de que falaremos máis adiante.

¹⁰ Na lingua antiga era moi frecuente trala conxunción adversativa *mais*, pero no galego moderno só se atopan exemplos esporádicos; a mesma conxunción sufriu unha etapa de decadencia.

de neve (Grab. Carnes, Oza dos Ríos), *pra que despoi-lo Xan, pra que despoi-lo cura anduvese con ela* (Grab. Arquide, A Fonsagrada), *e despoi-lo sábado i o domingo volví haber* (Grab. Baladelo, Forcarei), *e despoi-la outra* (Grab. Cances, Carballo), *métenlle eses postes da luz, e despoi-la finca non vale* (S.M. do Grove), *Ai, poi-las nosas xa che digo, ai, as nosas saben* (Grab. Cances, Carballo), *Po-la Capellana (= Pois a) tamén o coidou* (Malpica, Schubarth, pág. 165), *e entónce-lo borracho foise levantando* (Grab. Carbia, As Cruces), *e destónce-los queixos, despois, xa non os pagaban polo que debían pagar* (Grab. Teixeira, Curtis), *méntra-la nena relouca* (Santiago), *valen a doce peseta-lo quilo, deixa andar mello-lo conto* (Grab. Deixebre). Nestas circunstancias é especialmente frecuente a aparición da segunda forma do artigo tralo participio en construción absoluta (*perdí-da-las esperanzas, marcharon, feita-las dilixencias oportunas, (...)*).

2.2. Esporadicamente rexistramos exemplos en que o mesmo /l/ deste alomorfo se perdeu, e en lugar de *cantámo-los números* o que se dá é *cantamo os números* ou, máis frecuentemente, *cantamos números* [kantámox números], con [ɔ] resultante do encontro da vocal final do verbo e a do artigo (oposto a *cantamos números* [kantámox nũmẽros], con omisión de artigo). Cando se trata de artigos ligados a formas verbais, esta variante non está moi extendida nin forma áreas concretas e nin sequera é xeral nos puntos en que se documenta (así, por exemplo, en Oímbra, onde é especialmente frecuente, coexiste con *cantamos os números* e mesmo con *cantámo-los números*); é moito máis frecuente en cambio tras *todos, todas*, pois en calquera parte de Galicia, e sobre todo nas zonas periféricas, pode oírse con certa frecuencia *todos* [tódos], *todas* [tódas], ó lado das formas maioritarias *tódolos, tódalas* (e opostas a *todos* [tódos], *todas* [tódas], sen artigo): *todos días* (“tódolos días”) [tódox días], *todas noites* (“todalas noites”) [tódax noĩtes], *todos venñen* [tódox venñen], *todas cantan* [tódax kántan].

2.3. A existencia do alomorfo /lo/ (/la/, /los/, /las/) foi xeral en todo o dominio galego nas condicións xa indicadas. Con respecto á súa vivencia na lingua moderna cómpre face-las seguintes observacións:

a) No galego de Asturias este alomorfo dáse en tódolos contextos indicados, pero ó lado do maioritario *sopra-lo lume, cata-las pulgas, maza-lo leite*, rexistramos tamén *mazar el leite* (Negueira de Muñiz e Vilanova de Oscos, sempre convivindo coas anteriores). A segunda variante

parece reconstrucción sobre un primitivo *mazal leite* (< *mazar lo leite*), aínda vivo noutros puntos emparentados lingüisticamente con estes)¹¹.

b) Dentro da provincia de Ourense podemos delimitar unha zona en que este alomorfo do artigo se perdeu, polo que debemos falar dun sistema distinto ó do galego común. Nunha área que debuxa aproximadamente un triángulo con base na raia portuguesa e o seu vértice no límite coa provincia de Lugo, /lo/ non se documenta tras /r/ (*coller o tren, por os camiños*); dentro dela, con menos extensión, tampouco se dá tras /s/ (*abres a boca*)¹². En puntos da raia portuguesa en que existe o fonema /ʒ/, [ʃ] xordo final do artigo pode tornarse [ʒ] sonoro en posición intervocálica (*fáltanos o gaitero* [fáltanoʒ-o ɡaitéiɾo], en Hermisende).

c) Tralas formas *todos, todas*, a asimilación non triunfou en parte do galego oriental: ó norte, no galego asturiano¹³ é no sur, na zona ourensá xa citada, rexistramos *todos os*; entre ámbalas zonas hai unha terceira en que conviven *tódolos* e *todos os*. Con todo, en San Martín de Oscos (zona asturiana moi próxima a Galicia) unicamente se documenta *tódolos* e *tódalas*.

d) No caso de *por*, o resultado xeral foi *polo, pola, polos, polas*, de non ser na zona ourensá e asturiana de que falamos. Con todo, dentro da provincia de Ourense advírtese con claridade que *polo* gaña de novo terreo fronte a *por o*, non sendo raro oír *botar a cántiga* mais *polo río*; en puntos como Vilardevós só os máis vellos din *por o*. Na zona asturiana hai maior vacilación, provocada pola forma masculina singular: *polo, pola, polos, polas* en Nogueira de Muñiz e nos Oscos, *polo, por el, pola, polos, polas* en Pesoz e Candín, *por el, por a, por os, por as* en

¹¹ Para este fenómeno en Miranda, Oseja de Sajambre e Babia e Laciana, vid., respectivamente, Vasconcelos, *Est. Phil. Mir.*, páx. 357, Fernández González, *El habla y la cultura*, páx. 58 e Alvarez, *El habla de Babia y Laciana*, páx. 236. Compárense estes resultados con *pol* e *por el* na mesma zona.

¹² Nos mesmos casos e nos mesmos lugares a forma correspondente do pronome persoal é sempre *lo*. Saco y Arce, sen dúbida observador deste fenómeno, escribe: "La *s* final de las personas verbales, de los pronombres personales y de varias otras palabras de uso muy frecuente se cambia delante del pronombre *o, a* en *l* (...). Cuando *o, a* es artículo, el cambio de la *s* anterior, aunque frecuente, no es obligatorio; se dice ¿*ti tral-os bois? o tras os bois. ¿traes los bueyes?*, aunque lo primero es más eufónico" (J.A. Saco y Arce, *Gramática*, páx. 130).

¹³ Debe terse en conta que no galego de Asturias, nas formas correspondentes do pronome, se rexistra sempre este alomorfo tras *r*; pero tras *s* é moi frecuente *vimoslo*, e mesmo *dillesla* pode convivir con *dillelo*.

Coaña. Porzún e Boal e *pol, por a, por os, por as* en Salave. En Pombriego, fala de tránsito entre galego e leonés, o resultado foi tamén *por el, por a, por os, por as*. As formas esperadas en toda esta área eran *pol, pola, polos, polas*; parece que houbo unha reconstrucción de *por el* sobre *pol*, e que a partir de aí a primeira forma do artigo se propagou ó feminino e ós plurais correspondentes (non debe esquecerse que en toda a zona existe en plena vitalidade o alomorfo /lo/ tralas formas verbais).

e) Fóra das dúas zonas delimitadas, nos neofalantes e en xeral no galego urbano do resto de Galicia, advírtese unha tendencia á desaparición deste alomorfo a favor do uso de /o/ nos contextos sinalados.

f) Nas sucesivas elaboracións de normativas para o galego estándar, sempre houbo discusión sobre a conveniencia ou inconveniencia de representar graficamente este alomorfo, e mesmo sobre a forma en que debía facerse (*facelo labor, falel-o labor, face-lo labor...*). Hai que ter en conta que a súa representación, sen ser constante, era frecuente na lingua medieval, e nalgúns contextos moito máis do que o é na actualidade. Tamén o portugués, que na súa variante popular coñece estes alomorfos, mantivo a súa representación na lingua escrita ata tempos non moi recuados¹⁴. Nas normas ortográficas e morfolóxicas elaboradas pola Real Academia Galega e polo Instituto da Lingua Galega, feitas oficiais polo Parlamento de Galicia, e pola Universidade, propónse a súa representación na escritura (e por suposto o seu uso na lingua estándar oral) en todos aqueles casos en que, segundo sinalamos máis arriba, /lo/ aparece de forma constante: despois do infinitivo, das formas verbais conxugadas que rematen en /r/ ou /s/, a dos pronomes enclíticos *nos, vos* e *lles* e do adverbio *u*, o artigo lígase á forma precedente por medio dun guión, para diferenciarlo do pronome persoal acusativo átono (*elixi-lo presidente* frente a *elixilo presidente*); despois de *ambos, entrambos* e *todos*, con seus femininos, das preposicións *por* e *tras* e da conxunción copulativa (*e*) *mais*, escúsase o uso do guión (*tralos montes*). Non se representa, en cambio, nos restantes casos, é dicir, naqueles en que a ausencia de pausa entre /r/ e /s/ finais e o arti-

¹⁴ “Conquanto até ao século XVIII se costumasse na grafia representar, sobretudo nos infinitivos, os dois *l*, a supressão de um deles praticava-se já no português antigo. Também por vezes aparece o *r* inalterado, assim na preposição *por* como no infinitivo, tal processo, porém, deve ter-se ou por restauração etimológica ou influência do espanhol, que no último caso ainda mantém o *r*.”, J.J. Nunes, *Compêndio*, páx. 152.

go só se dá esporadicamente (*antes os montes, aproveitábanse, despois os fillos, pois o conto é que...*)¹⁵.

3. NO, NA, NOS, NAS

Esta variante aparece de maneira xeral tralas formas verbais rematadas en /n/, trala preposición *sen* (e *en*, anque con maior evolución fonética pola contracción das dúas palabras), tralo adverbio *tamén* e trala conxunción *nin*; noutras palabras, sempre que o artigo e a palabra precedente rematada en /n/ están intimamente ligados dentro do mesmo grupo entoacional.

3.1. Na introducción aludimos a razóns de claridade para segmentarmos /no/ como alomorfo do artigo en /kómíanaš patákaš/; outra segmentación posible sería /kómən/ e /o/, supoñendo que a variación que imos comentar a seguir está no verbo e non no artigo. En calquera caso na secuencia “verbo rematado en -n” (ou outra das formas rematadas na mesma consoante a que aludimos xa) + “artigo” ou “pronome persoal acusativo de terceira persoa” hai que considera-la existencia dunha variación morfolóxica.

En galego /N/ final realízase sempre como velar [kólən] [bán ẽη ašúda deleš], pero cando o seguen o artigo ou o pronome persoal acusativo átono de terceira persoa tórnase alveolar [kólənã mãη], [kóləna]. Nótese que non dicimos cando segue vocal nin vocal de certas características, senón unhas formas paradigmáticas, que comencan por vocal *o*, *a*, que se non forman parte do artigo ou pronome citado esixen unha realización velar do /N/¹⁶. A razón do cambio atópase precisamente na presenza do alomorfo /no/ do artigo ou do pronome: *choraban a súa morte* [çorábana súa mórte] fronte a *choraban a eito* [çoráβan a ẽito], en que a pesar de i-lo /no/ seguido de vocal, non sendo esta a do artigo non se produce o cambio na consoante¹⁷. Este [n] alveolar provén da redución da xemi-

¹⁵ Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1982, páx. 53-55.

¹⁶ Consideramos que en galego existen catro fonemas nasais: /n/, /ŋ/, /ɲ/ e /m/, que se opoñen en posición explosiva e se neutralizan en posición implosiva. Nesta posición a realización máis extendida é [ŋ] (constante ante vocal, fóra dos casos sinalados, e ante consoante alveolar; moi frecuente en posición antecorsonántica, calquera que sexa a natureza desta). En posición implosiva final é sempre velar.

¹⁷ No caso do pronome aparece ademais tras *non*, *nin*, *quen* e *ben*: *choran* [çoran], pero *chórano* [çoranɔ], *non a vía* [nɔnabía] fronte a *non había* [nɔn abía].

nada /nn/ producida trala asimilación entre /n/ final da palabra precedente e /l/ inicial da primitiva forma do artigo.

3.2. No caso do pronome, esta terceira forma preséntase ademais na case totalidade do territorio galego tras formas verbais rematadas en ditongo (e esporadicamente tralo pronome *eu*). Neste contexto a terceira forma do artigo non se presenta de maneira tan xeneralizada, pero non faltan exemplos; sabemos que abunda no occidente da Coruña, pero tamén que non é exclusiva desa zona: *e declarei-na verdá (...)* e *pousei-no sestiño* (Grab. Piñeiros-S.M. de Carnota); *esa peste desgraciada / que lle quitou-nas ideas* (Malpica; Schubarth, 164), *o que roubou-na ghaliña / nin foi raposo nin can (...)* que me roubou-na ghaliña / e mais doume *că chavellă* (Calvos de Randín; Schubarth, 163), *xa tab'ò cura esperando / e colleu-nas ferramentas / e casounos de contado* (Penamaior, A Fonsagrada; Schubarth, 159); *botei-nas obeyas pral monte, deixei-nas obeyas, leban-tein a cabeza* (San Martín de Oscos; D. Alonso, páx. 503)¹⁸.

3.3. Existe ademais outra solución que presenta dobre consoante nasal e na que na segmentación do alomorfo do artigo ofrece menos problemas: *roubáron na galiña*. Foi rexistrada por nós en Gandín, Hermisende e Vilaxoán, e probablemente exista en máis puntos do sur de Galicia¹⁹.

3.4. Coma no caso da segunda forma, non é raro atopar exemplos en que a pesar de dárense as condicións fonolóxicas adecuadas, a terceira forma do artigo non se presenta, polo que en lugar de [lába na rɔpa] dise [lába n a rɔpa], co alomorfo /o/ en lugar de /no/²⁰. Trátase dun rasgo

¹⁸ D. Schubarth e A. Santamarina, *Cancioneiro galego de tradición oral*, La Coruña, 1982. D. Alonso, "Narraciones orales gallego-asturianas: San Martín de Oscos", en *Obras Completas*, I, Ed. Gredos, Madrid, 1972, páxs. 495-521. Non se trata en ningún caso do /n/ final do verbo que existe como variante dialectal nalgúns zonas de Galicia. D. Alonso, que unicamente advirte a presenza do alomorfo do pronome, falando das formas que este presenta di "Tras la terminación verbal *ei*, aparece una -n-: osc. *botéinas, saqueinas, tireina* (páx. 500).

¹⁹ A extensión desta solución é moito maior no caso do pronome, dándose sobre todo en áreas marxinais; para o mesmo resultado en portugués véxase, entre outros, Lapa, *Estilística*, páxs. 157-158. Co artigo Leite de Vasconcelos documentouna en Hermisende e en Rionor (Vasconcelos, *Opúsculos IV*, páxs. 602, 606 e 753-4); dáse tamén en falas do norte de Portugal (Netto, "Vila do Conde", páx. 143).

²⁰ O mesmo ocorre co pronome: *non o vexo* [nɔŋ ɔ vɛʃɔ], *ben o vexo* [bɛŋ ɔ vɛʃɔ], aínda que minoritarias con respecto ás correspondentes formas con *n* alveolar e tamén como rasgo característico de falantes novos en distintos puntos de Galicia.

innovador, con frecuencia característico da fala dos máis novos, sen unha localización espacial que forma áreas. Podería explicarse como un caso de interferencia lingüística (o castelán, salvando o artigo feminino *el*, só presenta unha forma do artigo), pero máis ben cremos que se trata dun fenómeno interno, producido ó considerar separadamente verbo, artigo e sustantivo, sen atender a condicionamentos fonolóxicos con existentes noutros contextos; /n/ interprétase como final do verbo e /o/ como forma do artigo, con formas idénticas ás coñecidas por outros contextos (/lábana roupa/ segmentase como /laban/ /a/ /roupa/, como en *lavan moito* /laban/ e en *quero a roupa* /a/)²¹.

3.5. A diferenza do que ocorre coa segunda forma do artigo, este alomorfo non ten representación gráfica especial, nin en ningún momento se debateu sobre a conveniencia de marcar dalgún xeito na lingua escrita a súa aparición. Escríbese, logo, *collen os cartos* coma *collen ás veces os cartos*²². Con todo, nas *Normas* hoxe oficiais²³ si se fai referencia ó problema e á distinta realización de /N/ nun e noutro caso; iso sen que se considere a posibilidade de marca-lo rasgo na escritura²⁴.

4. FORMAS CONTRACTAS

As preposicións *a*, *de*, *con*, *de e para* (*pra*, *pa*) en concorrencia co artigo presentan formas contractas en toda Galicia; no galego asturiano advírtese unha tendencia á reconstrución das formas plenas consideradas separadamente.

²¹ No caso da segunda forma a segmentación de /a/ daría lugar a unha forma verbal /lábal/, non identificable para o falante coa que se dá noutros contextos.

²² Pola contra si ten habido vacilación na representación da forma correspondente do pronome tras *non*: *non a viu*, *nona viu*, *non-a viu*... Hoxe tampouco se marca na escritura a presenza da terceira forma do pronome nestes casos, pero si cando se combina cunha forma verbal (*cóllenos*).

²³ RAG - ILG, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 1982, páxs. 53-54.

²⁴ A inconsecuencia é só aparente. No caso do alomorfo /lo/ é a consoante inicial do primitivo artigo a que asimila a si a consoante final da palabra precedente: en *colle-lo neno* ou *collelo*, /l/, coñecementos históricos á parte, non pode ser identificada como parte do morfema verbal. En *collen o neno*, en cambio, a asimilación fíxose a favor da consoante final da palabra que precedía ó artigo, pero ademais calquera pode segmentar /kól̥en̥n̥e̯n̥/ en /kól̥en̥/ /e̯/ e /n̥e̯n̥/, salvando a pequena dificultade (por pouco evidente) da distinta realización de /n/.

O resultado da contracción da preposición *a* co artigo é *ó, á, ós, ás* /*o, a, os, as*/ en todo o territorio, con excepción da zona xa delimitada en que a forma do artigo masculino singular é (*el*), onde esta contracción se presenta como *al, á, aos /áos, áus/, ás*; tamén en Hermisende pode oírse *aus* ó lado do maioritario *ós*. Coa preposición *pra* (ou *para, pa*) os resultados son os mesmos: *pró, prá, prós, prás* (no galego común, tendo sempre en conta as variacións provocadas pola forma da preposición) e *pral, prá, praus, prás* no galego asturiano.

Con *de* o resultado é *do, da, dos, das* menos no territorio citado en que recollemos *del, da, dos ~ dus, das*; en Salave é bastante frecuente *de os*.

Coa preposición *con* hai máis variación nos resultados. Por unha parte, a xeneralidade do galego presenta uniformidade nas formas masculinas, *co* e *cos*, pero non coas femininas, xa que *ca(s)* e *coa(s)* xorden por todo o territorio, convivindo nun mesmo lugar e nun mesmo falante. Na zona do galego exterior a que nos temos referido, danse os seguintes paradigmas: *col, coa, cos, coas* (Negueira de Muñiz, Boal e Candín), *con el ~ cul, cúa, cus ~ cos, cúas* (Vilanova de Oscos), *col, con a, cos, con as* (Salave), *col, con a, con os, con as* (Porzún, Coaña e Pombriego), *con el, con a, con os, con as* (Porzún, Coaña e Pesoz), *coel, con a, con os, con as* (Pesoz), e *con el, coa, cos, coas* (Ibias).

Coa preposición *en* o resultado xeral foi *no, na, nos, nas*, coa excepción da zona indicada, que presenta variacións unicamente para a forma do masculino singular: *nel* (Salave, Porzún, Coaña, Pesoz, Candín e Pombriego), *nel ~ no* (Boal), *nel ~ no ~ nu* (Vilanova de Oscos), *no ~ en el* (Negueira de Muñiz), *no* (Ibias)²⁵.

²⁵ En falas máis orientais *nu* e *nel, nil* teñen distinta distribución, a primeira dáse ante consoante e as segundas ante vocal (Vid. Fernández, *H. Sisterna*, páx. 55 e Alvarez, *El habla de Babia y Laciara*, páx. 247); na zona que nós estudiamos non advertimos esta distribución etimolóxica.

Tampouco rexistramos *en* (< *en l*), a forma esperada e que se dá máis ó leste en territorio asturiano (vid. Rodríguez Castellano, *Aspectos*, páx. 215 e Canellada, *El bable de Cabranes*, páx. 23). Con todo, as formas *el* e *en l* parecen reconstrucións a partir de contextos en que aparecen independentemente (a primeira con aférese, coma as outras do paradigma, e a segunda como forma plena); esta reconstrución ben puidera estar provocada pola confusión a que conduciría a existencia dun paradigma *en, na, nos, nas*.

BIBLIOGRAFIA CITADA

- Afonso, D.: "Narraciones orales gallego-asturianas: San Martín de Oscos", en *Obras Completas*, I, Ed. Gredos, Madrid, 1972, 495-521.
- Afonso Garrote, A.: *El dialecto vulgar leonés hablado en Maragatería y tierra de Astorga*, 2ª ed., Instituto Antonio Nebrija, CSIC, Madrid, 1947.
- Alvarez, G.: *El habla de Babia y Laciñana*, RFE, Anejo XLIX, CSIC, Madrid, 1960.
- Canellada, Mª J.: *El bable de Cabranes*, RFE, Anejo XXXI, CSIC, Madrid, 1944.
- Cortés y Vázquez, L.: "El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora)", *Acta Salmantina*, t. VI, nº 3, 1953.
- Fernández, J.A.: *El habla de Sisterna*, RFE, Anejo LXXIV, Madrid, 1960.
- Fernández González, A.R.: *El habla y la cultura de Oseja de Sajambre*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1959.
- García, C. e outros: "O Atlas Lingüístico galego", *Verba*, nº 4, 1977, 5-17. Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego* (materiais inéditos).
———: *Gallego I*, Universidad de Santiago, 1971.
- Krüger, F.: "Mezcla de dialectos", en *HMP*, II, Madrid, 1925, págs. 121-166.
- Lapa, M. Rodrigues: *Estilística da Língua Portuguesa*, 9ª ed., Coimbra, 1977.
- Menéndez García, M.: *El cuarto de los valles (un habla del occidente asturiano)*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1963.
- Netto, Mª T. de Mendonça Lino: "A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde", en *RPF*, (I, 1), 1947, 59-153.
- Nunes, J.J.: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*, 6ª ed., Livraria Clássica Editora, Lisboa, 1960.
- Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1982.
- Rodríguez-Castellano, L.: *La variedad dialectal del Alto Aller*, Instituto de Estudios Asturianos, CSIC, Oviedo, 1952.
———: *Aspectos del bable occidental*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1954.
- Saco y Arce, J.A.: *Gramática Gallega*, 2ª ed., Gráficas Tanco, Orense, 1967.
- Schubarth, D., e Santamarina, A.: *Cancioneiro galego de tradición oral*, Fund. Pedro Barrié de La Maza, La Coruña, 1982.
- Vasconcelos, J. Leite de: *Estudos de Philologia Mirandesa*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1900.
———: *Opúsculos*, 4 vols., Imprensa da Universidade, Coimbra, 1929.